

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No salón de sesións da Casa do Concello, sendo as vinte horas do día vinte e oito xaneiro de dous mil dezaseis, presidida polo señor alcalde, D. Darío Antonio Piñeiro López, e coa asistencia dos concelleiros e concelleiras D. Pablo Rivera Capón, D^a. Begoña López Magdalena, D. José Manuel García Aldegunde, D. Óscar Rodríguez Somoza, D. Santiago Cubillas Álvarez, D^a Asunción Núñez Valcárcel, D. Daniel Antonio Fernández Fernández, D. Carlos Fernández Díaz e D. Iago Bande Cortizo reuniuse o pleno do concello, para realizar a sesión ordinaria. Dá fe do acto a secretaria do Concello D^a Mónica Vázquez Fandiño.

Non asiste o concelleiro do grupo municipal popular D. José Manuel Neira Castro.

Aberto o acto pola Presidencia procédese a tratar da seguinte

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior 28/12/2015.

Pola presidencia pregúntase aos señores concelleiros se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción da acta da sesión de referencia. Non producíndose ningún reparo nin alegación a acta é aprobada por unanimidade.

2.- Dar conta do PMP 4º trimestre de 2015.

Deuse conta da información suministrada á Oficina Virtual das Entidades Locais, en cumprimento das obrigas introducidas pola LO 2/2012, de 27 de abril en relación ó período medio de pago, definido posteriormente no RD 635/2014, de 25 de xullo, como o indicador que mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos;

4º trimestre 2015

| Ratio pagadas | Ratio pendentes | Periodo medio de pago | Importe total pagado | Importe total pendente |
|---------------|-----------------|-----------------------|----------------------|------------------------|
| -11,10 | -21,66 | -12,53 | 229.433,80 | 35.948,85 |

O Pleno quedou enterado.

3.- Corrección de erros nos acordos de pleno de 24/11/2015 e 28/11/2015.

Deuse lectura á proposta de alcaldía que se transcribe:

“Corrección de erros nos acordos de pleno de 24/11/2015 e 28/11/2015

Visto o expediente aprobación inicial da modificación da ordenanza reguladora do ICIO aprobado por acordo do Pleno de 24 de novembro, no que se prestou aprobación á modificación do seu texto para incorporar a disposición derradeira primeira do Real Decreto lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, que modifica a Lei reguladora das facendas locais para que a reforma que

emprende en materia de licenzas non prexudique o seu réxime fiscal, incorporando dentro do feito impositivo do dito imposto a declaración responsable ou comunicación previa.

Advertido o erro material na transcripción do artigo 3 que non recolleu a exención publicada no BOP de Lugo de 25 de abril de 2013 relativa ás exencións “As obras comunitarias, rehabilitación de edificios por incendios, inundacións, etc

Visto o expediente de aprobación do presuposto do Concello para 2016 aprobado polo pleno de 28 de decembro de 2015, e advertido erro material no anexo do estado da débeda que recolle idéntica cantidade de débeda viva e capital pendente para o crédito formalizado con Caixa Rural con data 26 de xaneiro de 2011

Logo de ler o disposto no artigo 105 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, que establece que as Administracións públicas poderán, asimismo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Propónse ó pleno:

Corrixir aos erros cometidos nos expedientes antes citados que quedan redactados como segue:

Primeiro.- Artigo 3 da aprobación inicial da ordenanza reguladora do imposto de construcións, instalación e obras

“Artigo 3º.- Exencións.

Están exentas deste imposto as construcións, instalacións e obras das que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais que, estando suxeitas, vaian ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das augas residuais, aínda que a xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto si se trata de obras de investimento novo como de conservación. As obras comunitarias, rehabilitación de edificios por incendios, inundacións, etc”.

Segundo.- Estado da débeda do anexo da débeda da aprobación inicial do Presuposto para 2016

| Entidade financeira | Caixa Rural |
|-------------------------------|------------------|
| Concedido | 175.000 euros |
| Débeda viva a 01/01/2016 | 133.093,96 euros |
| Capital pendente a 31/12/2016 | 121.034,91 euros |
| Data formalización | 26/01/2011 |
| Vencemento préstamo | 26/01/2026 |

O non promoverse o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía relativa á corrección de erros nons acordos de pleno de 24/11/2015 e 28/11/2015.

4.- Sorteo promoción do comercio de Láncara.- Rifas de Nadal.

Pola alcaldía expoñense as regras básicas que rexen este sorteo: o sorteo vaise realizar entre as rifas repartidas polos comercios e establecementos de hostalaría, se o sorteo repite número do mesmo

establecemento, rexeitarase o segundo, para repartir premios entre varios establecementos. Unha man inocente entre os veciños asistentes saca papeletas e resultan premiadas:

1º premio.- 4 vales para a feira da Terneira: nº 12 entregado por Caloto Junior.

2º premio.- 2 vales para a feira da Terneira: nº 2355 entregado por Supermercado Enriqueta.

3º premio.- 2 vales da feira da Terneira: nº 2718 entregado por Cerviño da Agreimunde.

4º premio.- 2 vales da feira da Terneira: nº 3289 entregado por Panadería Margarita.

5.- Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2016.

Deuse lectura á proposta de alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA A EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2016.

Logo de examinar as seguintes facturas

- **Oliva Rodríguez Pontón**, fac. nº H-0363522, gasóleo para obradoiro de emprego, 50,00 euros.
- **Agromar S.L.**, fac. nº 15107, diversos materiais para obras, 214,94 euros.
- **Sociedade Galega do Medio Ambiente**, fac. nº ESA153798032015/3449, tratamento RU mes de decembro 6.897,64 euros.
- **Servital, Servicios Sociosanitarios, S.L.**, fac. nº 5034/2015, servizos axuda a domicilio dependencia mes de decembro 4.209,90 euros
- **Servital, Servicios Sociosanitarios, S.L.**, fac. nº 5033/2015, servizos axuda a domicilio libre concurrencia mes de decembro 117,43 euros.
- **Correos e Telégrafos, S.A.**, fac. nº 4001704001, correspondencia decembro 390,68 euros.
- **Cepsa Card, S.A.**, fac. nº 2015P1000000174527, gasóleo A, 617,99 euros.
- **Gas Natural Servicios SDG, S.A.**, facturación 21 recibos mes de novembro correspondentes a bombeos, alumeados públicos e dependencias, 7.497,73 euros
- **Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.**, facturas alumeados públicos mes de novembro 7.989,13 euros.
- **Miguel Díaz Abad**, fra nº A/1618, reparación pinchazo vehículo 6659HTR, 158,46 euros.
- **Progreso de Lugo S.L.**, fac N 3-43436, diarios mes de decembro 281,79 euros.

Visto o informe da intervención municipal de hoxe

Polo exposto, proponse

Prestar aprobación ao expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2016, recoñecendo e liquidando as correspondentes obrigas

derivadas das facturas antes epigrafadas con cargo ao orzamento 2016 polos importes antes cifrados a favor dos respectivos acreedores”.

Ó non promoverse o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía relativa ó expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2016.

6.- Asuntos de urxencia.

6.1.- Proposta de alcaldía relativa á desestimación das alegacións formuladas contra o acordo do pleno deste Concello en sesión extraordinaria de 28 de decembro de 2015, de aprobación de bases específicas para o concurso ordinario do posto de Secretaría-Intervención do Concello de Láncara, para a súa inclusión na orde do día do pleno de 28/1/2016 con carácter de urxencia.

O Sr. Alcalde explica que se inclúe este asunto por urxencia porque ao confeccionar a orde do día da convocatoria non chegaran as alegacións presentadas e compre resolvelas e remitilas á Xunta de Galicia durante os primeiros dez días de febreiro.

Sometido a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), presta aprobación á urxencia da inclusión deste asunto na orde do día da convocatoria.

De seguido deuse lectura á proposición de alcaldía de 28 de xaneiro de 2016 que é do seguinte teor literal:

“Antecedentes.-

O pleno do Concello de Láncara en sesión realizada o día 28/12/2015 prestou aprobación ás bases específicas para a provisión do posto de secretaria intervención desta Entidade Local.

Con data 26/1/2016 ten entrada no rexistro xeral do Concello alegacións que formula dona M^a Cristina Varela García, interesada no procedemento pola súa condición de funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

Consideracións xurídicas.-

Invoca a interesada o artigo 21 do decreto 49/2009, de 26 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, resaltando en negra o apartado relativo ós méritos específicos **“directamente relacionados co posto de traballo”**. *Igualmente invoca en argumento das súas alegacións o artigo 27 do mesmo corpo legal resaltando de novo en negra **“servizos prestados con características comúns de poboación, orzamento, actividades principais e outras análogas as da Corporación que convoca o posto”***

A normativa actual ven completada polo artigo 92 bis da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que establece no seu apartado 6 *“Os méritos correspondentes ás especialidades da corporación local fixaraos esta, e a súa puntuación alcanzará até un 5% do total posible”*.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Láncara no uso desa habilitación legal aprobou en sesión realizada o día 28/12/2015 uns méritos específicos que teñen unha determinada puntuación máxima.

E a fixación destes méritos específicos apróbase polo Concello de Láncara discrecionalmente en función das súas particularidades ou necesidades; discrecionalidade que lle permite elixir entre varias opcións igualmente válidas ós efectos de ter en conta uns ou outros criterios como méritos específicos a baremar na selección do candidato idóneo para o posto.

Estes méritos específicos teñen que ser obxectivos e razoables, e é lícito que como consecuencia desa puntuación un funcionario quede mellor puntuado que outros funcionarios.

A reclamante expón que *“curiosamente a valoración dos servizos prestados depende única e exclusivamente da permanencia”* e chega á conclusión de dicir de este criterio elixido pola Corporación de Láncara *“leva a resultados tan absurdos (sic)”* como que un funcionario que exercera o seu dereito á mobilidade durante toda a súa carreira en municipios de terceira quedaría con 0 puntos. Pero este resultado non é absurdo, é obvio, xa que moi probablemente suceda en calquera fase de concurso para a provisión de postos de traballo e incluso en procesos de selección mediante concurso oposición. Pero iso non a converte en arbitraria nin ilegal a decisión adoptada por esta Corporación, igual que non cuestiona que un funcionario que decidira non formarse nin realizar curso algún, tamén acadaría 0 puntos no apartado relativo a formación.

Cuestionar que esta entidade local opte por valorar os servizos prestados de xeito ininterrompido mediante a permanencia dos funcionarios durante un amplo período de tempo no mesmo posto de traballo, debe levar a cuestionar tamén a legalidade do artigo 15 do Real decreto 1732/1994, de 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, **que establece como mérito a valorar a permanencia continuada no posto reservado desde o que se concursa**, criterio que se establece como xeral para todo o territorio nacional. Esta característica de mérito xeral da permanencia non impide a súa consideración como mérito específico predicable do posto de secretaría intervención de calquera municipio, e neste caso concreto do municipio de Láncara.

Pero se o que se bota en falta é a motivación da opción escollida polo Concello de Láncara de valorar positivamente a permanencia no posto de traballo, basta con dicir, que opta por este criterio porque a media de idade do resto de persoal funcionario ronda os sesenta anos e o anterior titular do posto ocupouno durante vinte e cinco anos. En consecuencia, cremos que un funcionario que acredite a permanencia nun posto de traballo similar con carácter previo, posiblemente goce de permanencia no posto de secretario interventor deste Concello, garantindo o coñecemento e funcionamento propio desta administración local.

Non é necesario dicir que o mérito da permanencia pode estar ó alcance de calquera funcionario durante o seu exercicio profesional, polo que é un criterio xeral e obxectivo aínda que algúns funcionarios poidan carecer dese mérito.

Por outro banda a permanencia no posto valórase respecto de postos da mesma categoría e a introdución do referente presupostario entra dentro dun marxe propio dos municipios de clase terceira, por ser esta a cifra media do presuposto do Concello de Láncara nos últimos cinco anos. E a permanencia valórase de xeito ponderado, esixindo un mínimo de seis anos e ata un máximo de doce. Mínimo e máximo decidido por esta Corporación igual que no seu día o lexislador estableceu que para valorar os cursos de formación debían ter unha duración mínima de 15 horas.

Polo exposto, propónse ó pleno a adopción do seguinte acordo:

Desestimar as alegacións formuladas por dona M^a Cristina Varela García contra o acordo do pleno do concello de 28/12/2015 polo que se prestou aprobación ás bases específicas para a provisión do posto de secretaría intervención desta Entidade Local, xa que garanten a obxectividade na provisión do posto de secretaría intervención e están relacionados coas necesidades desta Corporación Local”.

Ó non promoverse debate, o Pleno do Concello por o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía relativa á desestimación das alegacións formuladas contra o acordo do pleno deste Concello en sesión extraordinaria de 28 de decembro de 2015 de aprobación de bases específicas para o concurso ordinario do posto de Secretaría-Intervención do Concello de Láncara.

6.2.- Solicitud de director do Instituto Gregorio Fernández para a creación dun ciclo medio de cociña.

O Sr. Alcalde explica que se inclúe este asunto por urxencia porque ao confeccionar a orde do día da convocatoria non chegara aínda esta solicitude.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, di que non coñece o contido da solicitude. Despois de ler brevemente a solicitude

Sométese a votación a inclusión deste asunto na orde do día da convocatoria, e o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), presta aprobación á urxencia da inclusión deste asunto na orde do día da convocatoria.

Deuse lectura ó contido do escrito presentado por D. Fernando Díaz Copa, director do IES Gregorio Fernández con rexistro de entrada nº 84

“Estimado Alcalde:

Diríxome a vostede para comunicarlle que na sesión que o Consello Escolar do I.E.S. Gregorio Fernández celebrou hoxe, acordouse por unanimidade, iniciar os trámites e xestións necesarias para solicitar a implantación neste centro do **Ciclo Formativo de Grao Medio de COCIÑA E GASTRONOMÍA** (pertencente á Familia Profesional de Hostalaría e Turismo).

Dita petición fundaméntase principalmente:

a) Consideramos que, polos concellos da comarca de Sarria discorre o Camiño de Santiago, que é a sinal de identidade dos mesmos. Esta realidade, está provocando a proliferación masiva de instalación (restaurantes, hostais, albergues, casas rurais, bares, etc) relacionados con estas ensinanzas.

b) Na nosa provincia só se ofertan estas ensinanzas en dous institutos públicos (en Foz e Lugo), polo que, a nosa comarca, que é a principal vía de entrada a Galicia dos peregrinos, debe contar con este tipo de servizo.

c) Os propietarios e xerentes dos negocios relacionados con estes estudos, levan reclamando hai tempo a impartición dos memos, en Sarria, Recoñecen que teñen dificultade para encontrar persoal cualificado. Ademáis, a súa totalidade expresan a intención de acoller ao alumnado para a realización das Practicas nas súas empresas (FCT).

d) A inserción laboral do alumando sería moi alta e inmediata.

e) Por último, a inversión das obras e equipamento sería baixa en comparación con outras realizadas pola Consellería nos últimos tempos.

Por estes motivos, solicitamos o apoio da Corporación que vostede preside, diante da Xefa Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O.U. de Lugo, para poder contar con este importante servizo na nosa comarca”.

Ó non promoverse debate, o Pleno do Concello por o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á solicitude formulada por Don Fernando Díaz Copa, Director do I.E.S. Gregorio Fernández de Sarria, prestando o apoio do concello de Láncara á creación dun ciclo medio de cociña no IES Gregorio Fernández.

6.3.- Moción do grupo municipal popular relativa á instalación de marquesinas.

O Sr. Alcalde explica que se inclúe esta moción por urxencia porque ao confeccionar a orde do día da convocatoria non estaba presentada.

Sometido a votación, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), presta aprobación á urxencia da inclusión deste asunto na orde do día da convocatoria.

De seguido dase a palabra ó voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez que da lectura á moción de 26 de xaneiro de 2016 que é do seguinte teor literal:

“O PP de Láncara, por medio do seu Portavoz o concelleiro D. Santiago Cubillas Álvarez, propón a seguinte **MOCIÓN** para debatir no Pleno do día 28-xaneiro-2016:

Colocación dunha MARQUESINA para o autobús en Puebla

Para o PP de Láncara é importante a colocación de unha estrutura que permita aos usuarios do bus poder protexerse da choiva na parada do centro da Puebla. Parécenos que existe espazo suficiente para colocar unha Marquesina a beira do parque ou ben ocupando parte do mesmo. Ademáis, deben colocarse carteis cos horarios.

Queremos recordar ao Pleno, que xa presentamos unha Moción o 24-09-2015 para que o Concello de Láncara se adhira ao Plan de Transporte Metropolitano da Área de Lugo. Isto, xunto con importantes descontos no precio dos billetes, permitiría axudas para instalar marquesinas e carteis informativos. O grupo do PP quere saber si se tomaron iniciativas nese sentido e, de ser así, cales”.

Continúa dicindo que vemos como os veciños se mollan esperando o autobús, é unha demanda veciñal e tamén a de poñer un cartel informativo cos

horarios. No pleno de setembro pedimos que se estudase a inclusión de Láncara no plan de transporte metropolitano, dentro deste plan hai subvencións para as marquesinas”.

Aberto o debate prodúcese as seguintes intervencións:

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Apoiamos a inclusión no plan de transporte metropolitano e votamos a favor das marquesinas, pero considero necesaria unha á altura da miña casa”.

Do voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón: “Parécenos ben, nesta liña hai que traballar, recoñecemos que o plan de viabilidade do transporte metropolitano vai con atraso, coincidiunos co cambio de secretario. Esperamos telo pronto.

A esta moción propoñemos unha emenda de engádegas que é <<Instar á Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para que no prazo de dous meses subvencione a instalación dunha marquesina no centro da Pobra>>.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Tamén na avenida de Valdriz o letreiro que indica Láncara-Baralla podía colocarse máis baixo, pegado á parede”.

Do señor alcalde: “Temos unha carpeta chea de peticións relativas á avenida de Valdriz. Nos presupostos vai unha partida para sinalización de a Pobra e Valdriz e xa temos presupostos para as marquesinas. Lembren que o presuposto entrou e vigor hoxe mesmo.”

Concluído o debate, o Pleno do Concello por o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á moción do grupo municipal popular sobre a colocación dunhas marquesinas en A Pobra.

7.- Dar conta das resolucións de alcaldía.

Deuse conta das resolucións nº 241 de 1 de decembro á nº 262 de 31 de decembro.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Alvarez pregunta polo cese do pedáneo de Traslite, do que se da conta no decreto nº 258, e pregunta se hai substituto.

O señor alcalde di que o pedáneo é unha persoa de confianza da alcaldía, e que esta persoa andivo repartindo propaganda na súa contra. Tamén di que é a primeira vez que cesa un pedáneo e que aínda non ten substituto.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Alvarez, di que lle gustaría que o nomeado fose por decisión veciñal.

O alcalde di que o pensará, que ós veciños non lles gusta votar entre eles.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Alvarez, di que en Puebla non hai pedáneo.

O señor alcalde di que, xa que non aceptou a renuncia do nomeado.

8.- Mocións dos grupos.

8.1.- Moción do grupo municipal socialista solicitando a construción dunha pasarela en Valdriz.

O señor alcalde da lectura á moción epigrafada de rexistro de entrada nº 65 que é do seguinte teor literal:

“DARIO ANTONIO PIÑEIRO LÓPEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LÁNCARA (LUGO).-

Para que sexa debatido polo Pleno do Concello, presentou a seguinte MOCIÓN:

Como ben saben os señores concelleiros que formamos parte desta Corporación Municipal, dende hai máis de vinte anos, vimos demandando da Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia, ó acondicionamento da estrada que dende A Pobra de San Xiao conduce a Láncara, a estrada L-621.

Que ano tras ano, por parte da Xunta fixéronse promesas de que esta obra ía ser executada.

Incluso chegou a redactar un proxecto para a execución de ditas obras que contemplaba as expropiacións necesarias a tal fin.

Dentro das intervencións proxectadas, figura un tramo de extremo perigo que é a saída de A Pobra de San Xiao, a ponte que cruza o río Neira, que no seu actual estado e trazado apenas permite cruzar dous vehículos e polo que pasan a diario moitas persoas, moitos deles nenos, dado que moi próxima está a urbanización de Praias de Valdríz, que conta cunha poboación empadroada de 76 persoas, e o barrio de Ariz, cunha poboación empadroada de 35 persoas aínda que en ditos lugares e de forma especial as fins de semana as persoas que alí habitan superan con moito as duascenas. Esta poboación ten que cruzar esta ponte, ben en vehículos ou ben camiñando, dado que a vida habitual que realizan é en A Pobra de San Xiao e o perigo e risco que teñen é moi elevado. Tamén o é para todos os vehículos que circulan e que o teñen que facer de xeito obrigatorio tanto para vir á Pobra como para ir aos seus respectivos domicilios nas parroquias Neira, Bande, Traslite, Toirán, Vilaleo, Láncara, Carracedo, etc.

É tan perigoso este paso a través da ponte que na semana pasada un vehículo deslizouse e caeu ao vacío e coa fortuna de que aos ocupantes non lles ocorreu nada grave e tamén coa fortuna de que ninguén nese momento circulaba pola ponte.

Sen renunciar, por suposto, á execución de dito proxecto, esta alcaldía propón a aprobación desta moción instando á Xunta de Galicia e á Confederación Hidrográficas Miño-Sil.

Para que de xeito urxente executen unha pasarela apta para a circulación de persoas e unha sinalización axeitada con vaías de protección”.

Continúa o señor alcalde dicindo que esta moción non supón unha renuncia á estrada e unha ponte nova.

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Estamos de acordo, animo ós veciños para que pidan unha nova ponte directamente (intervén público asistente para dicir que xa o piden). A ponte está proxectada por un millón de euros. Pedir a pasarela está ben, pero vannos dicir que xa hai outra. Apoiamos esta moción pero gustaríanos que fose máis ambiciosa”.

(Intervén de novo público asistente para dicir que eles son ambiciosos, pero que xa non se fían, xa que levan vinte anos para facer a ponte).

Do concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz: “As propostas para mellorar a seguridade e a vida dos veciños teñen o meu apoio”.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Dende o BNG agardamos que esta moción teña éxito, xa que a emenda que presentou o BNG ós presupostos da Xunta no Parlamento non a tivo, o PP votou en contra da nosa emenda. Agardamos que o susto do outro día sexa o último. Pedimos ó grupo municipal popular que faga presión para que este proxecto se faga. É factible facer obras que melloren o que temos hoxe, se a ponte é moi costosa, hai outras alternativas máis económicas e funcionáis: unha plataforma peonil, vaías de seguridade, ... estas solución non parecen irrealizables polo seu coste”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Alvarez: “Insisto, apoiamos a moción, pero seguimos pedindo a ponte. Pero non podeades dicir que depende de nós”.

O señor alcalde concede a palabra ó concelleiro do partido popular, señor Fernández Fernández, que di que se está a falar moito da ponte e do accidente, parece que se lles bota a culpa ós concelleiros do Partido Popular cando levamos aquí seis meses. E un accidente deste tipo pode pasar en outros lugares do concello onde non hai nin quitamedos.

Do señor alcalde: “Tes razón, pero eu tamén levo de alcalde seis meses. Felicito publicamente ó marido de Nuria, tes moito valor para facer o que fixeches. Todos loitamos por Valdriz. Eu como alcalde estiven en situación moi comprometidas, con informes negativos de secretaria e da técnico para empadroar a xente nesas vivendas. O que é de vergoña é o que fai o PP. A señora conselleira veu aquí a presentar o proxecto, é unha tomadura de pelo, o deron por feito. A primeira cousa que fixen como alcalde foi pedir unha entrevista co presidente da Xunta, señor Feijoo, e aínda non tiven nin resposta”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Hai escasamente un ano foi o alcalde de Lán cara a falar co presidente da Xunta e lle dixo que non había presuposto”.

Do señor alcalde: “Paréceme ben, pero que non enganen á xente. Estou disposto a presentarme diante da porta do despacho de Núñez Feijoo para pedir a ponte. Invítote a vir (dirixíndose ó señor voceiro do grupo municipal popular)”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “E vou contigo”.

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita moción do grupo municipal socialista relativa pasarela de Valdriz.

8.2.- Moción do grupo municipal socialista relativa á cámara agraria de Carracedo.

O señor Rodríguez Somoza da lectura á moción epigrafada de rexistro de entrada nº 47 que é do seguinte teor literal:

“O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das entidades locais e demais normativas que poidan resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCION**, en base ás seguintes consideracións:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois da incapacidade manifesta demostrada os pasados catro anos polo goberno do PP de Láncara para facerse ca titularidade da antiga Cámara Agraria de Carracedo.

MOCIÓN

Solicitamos á Xunta de Galicia, que de maneira inmediata e totalmente gratuíta, proceda a cesión definitiva da titularidade da antiga Cámara Agraria de Carracedo ó Concello de Láncara, co obxectivo de buscar solucións con carácter urxente que garantan a súa correcta conservación dado o seu avanzado estado de deterioro”

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Alvarez: “Esta moción está moi mal redactada, non fai falta dicir <<incapacidade manifesta>>, o goberno anterior fixo xestións, hai incluso unha valoración contraditoria proposta polo Concello. Podedes dicir que non frutificaron as xestións. Hai partida presupostaria para arreglala, xa se sabe para que se quere?”

Do concelleiro propoñente da moción, señor Rodríguez Somoza: “O primeiro paso é ter a titularidade, despois xa veremos, podemos preguntarlle ós veciños”.

Do concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz: “Comparto o que di Santiago, non hai que botar as culpas ós que estiveron antes, paréceme unha falta de respecto”.

Do señor alcalde: “A culpa é do equipo de goberno?”.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Parécenos ben que se recupere o patrimonio e que se lle pregunte ós veciños as súas preferencias”.

Do señor alcalde: “Hai varias ideas, entre elas facer un albergue”.

Do concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz: “Xa sabe se no plan xeral permite ten uso?”

Do señor alcalde: “Pois se non ten uso merecedes un dez os que o aprobastes”.

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita moción do grupo municipal socialista relativa á cámara agraria de Carracedo.

8.3.- Moción do grupo municipal socialista relativa á CHMS.

O señor Rodríguez Somoza da lectura á moción epigrafada de rexistro de entrada nº 48 que é do seguinte teor literal:

“O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.3 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das entidades locais e demais normativas que poidan resultar de aplicación,

presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCION**, en base ás seguintes consideracións:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesar das reiteradas peticións por parte do equipo de goberno á CHMS, para que mantivese limpas tanto as marxes como o cauce dos principais ríos ó seu paso polas distintas parroquia do Concello, posto que é a que ten competencias na meteria, ignorou completamente o chamamento a desenvolver os seus principais cometidos.

Neste sentido, as choivas dos últimos días e as árbores caídas que non foron retiradas a tempo agravaron as inundacións:

MOCIÓN

Instar á CHMS, a desenvolver no Concello de Láncara todas cantas medidas urxentes e medidas con carácter preventivo sexan necesarias para garantir a correcta conservación das marxes e dos cauces dos ríos.”

Continúa dicindo que estamos a un ms e medio da tempada de pesca e que este deporte foi en tempos un motor importante da economía da nosa vila.

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Vexo un pouco de populismo nesta moción. Non fai falta pedir en pleno á Confederación Hidrográfica Miño Sil que cumpla as súas obrigas. Cando non fixeron o seu traballo fixoo o Concello. Estamos de acordo co contido da moción pero non con traelo a pleno”.

Do concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz: “Estou de acordo”.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “O caso é que o río está sen limpar, entón esta moción ten sentido. A Confederación Hidrográfica Miño Sil (CHMS) é a cousa máis rixida que pode existir e este país está cheo de ríos”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “É populismo, é unha labor elemental. Pídese por exemplo ás compañías eléctricas que manteñan en bo estado os tendidos?”.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Que debemos facer entón cando non cumplen?”

Do señor alcalde: “Populismo é tomar o pelo á xente. No mes de agosto fun a Ourense a falar co responsable da CHMS. Ultimamente lles mandei un requirimento. Na última tormenta chamei ó comisario e chamei á secretaria, estaba a ponte a punto de marchar. E a resposta do comisario foi que non tocamos a nada”.

Concluído o debate, o Pleno do Concello, por unanimidade de concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á transcrita moción do grupo municipal socialista relativa á CHMS.

9.- Rogos e preguntas.

9.1.- Rogos.

9.1.a.- A concelleira do grupo municipal popular, señora Núñez Valcárcel, formula o rogo dos veciño de Gallegos:

“LOS VECINOS DE GALLEGOS-LANCARA, solicitan al Ayuntamiento de LANCARA ayuda económica o bien material, para la conducción de la traída de agua del pueblo.

La conducción sería de unos 3500 m de longitud, desde “Os Namelos” en Cedrón hasta los depósitos en Gallegos y discurriría por el margen derecho de la carretera: LU-636: Sarria-Becerreá (adjuntamos copia del permiso de Obras Públicas.”

Continúa dicindo que teñen traída pero que é moi antiga, cada dous por tres estamos sen auga. Solicitamos unha axuda económica ou de material.

O señor alcalde di que non poden dar subvencións nominativas, e que é mellor que fagades unha memoria. Na vosa solicitude falades dunha traída de 3,5 km. Eu teño outra memoria que di que ten 750 metros.

A señora Núñez Valcárcel di que o enxeñeiro que fixo esa memoria non ten moita idea. Ou é que nesa ocasión so se fixo un trozo.

O señor alcalde amosa os planos da memoria. Mide 750 metros. Vámolo estudar e veremos o que podemos facer. O meu goberno fixo moitas obras en Gallegos.

O Pleno quedou enterado.

9.1.b.- O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo, formula o seguinte rogo:

“ROGO sobre o camiño que une SAMPAIO E CASANOVA.
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A primeira parte do camiño que une Sampaio (Neira) e Casanova atópase nun mal estado de conservación facendo case imposible o seu tránsito con vehículos durante o inverno e impedindo unha axeitada realización das labores agrícolas e gandeiras.

Este camiño precisaría urxentemente dunha roza das súas beiras, limpeza das cunetas existentes e creación dalgunhas novas. Ó non estar canalizada a auga, ás veces chega as casas que están do outro lado da estrada que una Pobra de San Xiao e Lán cara. Este problema afecta moi seriamente no día a día dos veciños que usan ese camiño e os propietarios das casas nas que moitas veces vense anegados pola auga que cruza a estrada.

Polo exposto, o BNG de Lán cara somete á consideración do pleno o seguinte:

ACORDO

Que o Alcalde deste Concello realice as xestións oportunas para solucionar o problema existente, utilizando por unha banda o tractor municipal para o desbroce das beiras do camiño, e por outra a utilización da partida orzamentaria correspondente a limpeza de cunetas. No caso da creación de novas cunetas, pedimos que se teña en conta este camiño nos próximos plans de obras provinciais e autonómicos”.

O señor alcalde di que se verá o que se pode facer. Esta obra puidose facer coa maquinaria da Deputación que estivo quince días a disposición do voceiro do grupo municipal popular.

O señor Cubillas Álvarez di que se fixeron todas as obras e que tan so tiveron as máquinas dous días e medio.

De seguido prodúcese unha ampla discusión sobre a maquinaria da Deputación entre os membros dos grupos municipais popular e socialista.

O concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo, pide que se arranxe o camiño cando estea dispoñible o tractor desbrozadora do concello, xa que é un camiño que da moito servizo.

O concelleiro de CxG, señor señor Fernández Díaz, di que en Benigno Quiroga estase a formar unha focha e pide que se arranxe.

O Pleno quedou enterado.

9.2.- Preguntas.

9.2.a.- O concelleiro do grupo municipal popular, Fernández Fernández, pregunta polas fotos do Rei.

O señor alcalde contesta que están encargadas as de Felipe VI e que aínda non viñeron.

9.2.b.- O voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón, formula a seguinte pregunta:

Gustariame que se precisara o contido da felicitación de nadal que enviou o grupo municipal popular ós veciños. Fai afirmacións que faltan á verdade (rebaixas de impostos, vínculos familiares nas contratacións, que non hai proxecto para os depósitos do Campo da Feira, ...) e pido que se aclare.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez di que ningunha das cousas que di son mentira, son visións distintas da realidade. Manteño todo o que ahí se di.

O señor alcalde di que si era para enviar iso para o que pediu pegatinas. Sabes que hai informes de secretaría que impiden baixar os impostos, dis que pediches para os nenos de menos de tres anos cando xa tiñamos un convenio con Preescolar na Casa, atribúeste pedir o arranxo do camiño de Pousadela cando nunca o nomeaches, falas de favoritismos nas contratacións, ata o sacaches en prensa.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez di que el manifestou en prensa que en Puebla se estivo unha semana enteira sen alumeado e que non sería por falta de entendemento coa empresa coa que ten vínculos familiares.

O señor alcalde pídelle que diga claramente a que se refire.

O concelleiro de CxG, señor Fernández Díaz, despídese e abandona a sesión.

O voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, di favoritismos e que saben a que se refire pero que non o pode dicir no pleno.

Do voceiro do grupo municipal socialista, señor Rivera Capón: "Entón dilo fora?".

O señor alcalde pon a disposición do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez, o expediente administrativo da contratación do mantemento do alumeado público por si quere denunciar. Eu son o alcalde de todos os veciños pero ti para min xa non eres nin o voceiro da oposición.

E non sendo outro o obxecto deste debate levántase a sesión ás vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria da Corporación redacto a presente acta, dou fe.